



SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE USO DE POSTO DE ATRACADA EN BASE PARA EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS NO PORTO DEPORTIVO DE

INSTALACIÓNS XESTIONADAS POR

(de se lo caso, concesionario ou empresa que preste servizo na instalación)

DATOS DO SOLICITANTE: **PERSOA FÍSICA** **PERSOA XURÍDICA**

Nome e apelidos: N.I.F/C.I.F:

Domicilio:

Poboación: Concello: C.P.:

Provincia: Correo Electrónico:

Teléf.: Teléf.: Teléf.: Fax:

Representada por D.:

con NIF núm.:, en virtude de:

Persoa de contacto no porto: Teléf:

DATOS DA EMBARCACIÓN: Nome: Matrícula:

Tipo de embarcación: Motor Vela Remo Lonxitude aprox. do mástil:

Marca: Modelo:

Calado (metros): Ten Motor: (SI / NON) Potencia: HP: CV: KW:

Dimensións reais máximas da embarcación: Declaro baixo a miña responsabilidade que a embarcación anterior presenta as seguintes medidas reais máximas, entendendo como eslora máxima a distancia entre planos perpendiculares ao eixe lonxitudinal do barco situados nos puntos mais saíntes do mesmo, e entendendo como manga máxima a distancia entre os planos verticais lonxitudinais do barco situados nos puntos mais saíntes do mesmo. Tamén declaro ter constancia de que a falsidade nestes datos, poderá dar lugar a desestimación da solicitude ou a caducidade da autorización de uso do posto de atracada.

Eslora máxima: metros. **Manga máxima:** metros.

DATOS BANCARIOS: Entidade: Sucursal:

Código Internacional de Conta Bancaria (I.B.A.N) española na que domiciliar os pagos das taxas portuarias e da que o solicitante sexa titular

--	--	--	--	--	--

Poseión doutro amarre: Declaro baixo xuramento ou promesa que a embarcación para a que se solicita esta autorización de uso, (SI / NON) ten adxudicado un amarre no porto de polo que, de se lo caso, en canto obteña esta autorización, comprométese a renunciar a outra autorización agás que non exista lista de espera.

EXPÓN:

I. Que segundo a convocatoria pública de solicitudes de autorizacións temporais de uso de postos de atracada para embarcacións recreativas de data publicada no D.O.G. nº en data

II. Que coñece tódalas condicións aplicables ás ditas autorizacións de atracada, que expresamente asume e acata na súa totalidade, e declara baixo a propia responsabilidade que todos os datos aquí expostos son certos.

SOLICITA que se lle autorice o atraque da embarcación anteriormente descrita, da súa propiedade, nas citadas instalacións náutico deportivas do porto de

OBSERVACIÓNS:

Para estes efectos, xúntase a documentación solicitada

En a, de de 20

Asdo.:

Solicitude dirixida a : **ENTIDADE PÚBLICA PORTOS DE GALICIA**

Oficina de Portos de Galicia en: (cidade)

Tratamento, custodia e cesión dos datos desta solicitude: Os datos de carácter persoal obtidos con motivo deste procedemento administrativo van ser incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado, para o exercicio das funcións que como Administración Pública legalmente lle corresponden a este ente público Portos de Galicia – Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias. O devandito organismo é a entidade responsable do ficheiro e o seu domicilio é Portal 5A 6ºB, Praza de Europa, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela. Fóra dos supostos anteriores, e sen prexuízo do procedemento de disociación previa dos seus datos persoais, a cesión destes datos farase de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos, cos fins relacionados coa xestión e explotación portuaria, para o cal entendemos prestado o seu consentimento. O acceso aos ficheiros por terceiros realizarase para a prestación de servizos de tratamento e técnicos ao responsable dos mesmos. O exercicio ante o Responsable do ficheiro, dos seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación realizarase nos termos establecidos legalmente considerando as peculiaridades que se derivan do carácter público dos ficheiros deste organismo.

A vista do anterior, e en caso de exista unha entidade autorizada ou concesionaria da xestión ou explotación das instalacións, autorizo á entidade pública Portos de Galicia a cesión dos meus datos referidos no parágrafo anterior a citada entidade.

En a, de de 20

Asdo.: N.I.F.:

IMPORTANTE: A titularidade do solicitante, debe ser a mesma que a do armador da embarcación e que a da domiciliación bancaria.

RESUMO DA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: A solicitude acompañarase, necesariamente, de orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

a) Tratándose de persoas físicas, documento nacional de identidade ou pasaporte ou número de identificación de estranxeiros, segundo os casos, do solicitante, agás que o interesado autorice a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme o disposto no artigo 2.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

b) Tratándose de persoas xurídicas, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro pertinente, así como poder de representación outorgado a favor do solicitante debidamente verificada a súa suficiencia, e inscrito, se é o caso, no rexistro pertinente, agás que a representación se desprenda dos documentos anteriormente citados.

c) No caso de solicitantes doutros países, designación, para todos os efectos que dimanen da autorización, dun representante con domicilio en territorio nacional.

d) Declaración xurada ou promesa relativa a se o solicitante, ou os membros, tratándose dunha persoa xurídica, dispoñen ou non dunha autorización de posto de atracada para a mesma embarcación en calquera dos outros portos e instalacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e, se é o caso, declaración xurada ou promesa do compromiso de renuncia expresa á dita autorización agás que no porto ou instalación de que se trate non exista lista de espera. (incluída na solicitude, anexo III)

e) Certificado de navegabilidade, mais permiso ou licenza de navegación da embarcación.

f) Folla de asento do rexistro da capitanía marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüidade máxima dun ano. Este documento componse polas follas: "Registro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes.

As embarcacións inscritas segundo o Réxime especial das embarcacións de recreo con marcado CE de eslora igual o inferior a 12 metros e que non teñan certificado ordinario do Rexistro Marítimo Español deberán presentar copia compulsada do anverso e do reverso do Certificado de Inscripción acompañada dunha copia compulsada da Declaración de Conformidade da embarcación CE.

g) No suposto de que as dimensións reais da embarcación non coincidan coas recollidas na documentación antes citada, o solicitante deberá achegar declaración que recolla as dimensións reais máximas da súa embarcación, entendendo como eslora máxima a distancia entre planos perpendiculares ao eixe lonxitudinal do barco situados nos puntos mais saíntes do mesmo, e entendendo como manga máxima a distancia entre os planos verticais lonxitudinais do barco situados nos puntos mais saíntes do mesmo. En caso de dúbida Portos de Galicia poderá realizar unha medición da embarcación, debendo asumir o usuario o custo da mesma. A falsidade nestes datos, dolosa ou culposa, poderá dar lugar a desestimación da solicitude ou a caducidade da autorización de atracada. (incluída na solicitude, anexo III)

h) Contrato de seguro da embarcación coas coberturas establecidas pola normativa que regula o seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, que na actualidade vén constituída polo Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, ás que se engadirá a cobertura de remoción de restos da embarcación. Esta documentación deberá ser acompañada polo último recibo da póliza.

i) No caso dunha embarcación en construción presentarse certificado do estaleiro coas características desta e a data prevista de entrega.

j) Se a embarcación se destina exclusivamente á competicións deportivas e non está inscrita no Rexistro Marítimo Español, o armador en lugar de presentar a documentación que este expide, deberá presentar a documentación que acredite tal circunstancia, a propiedade da embarcación e as características técnicas da embarcación.

k) Se o solicitante ten a condición de xubilado no réxime especial de traballadores do mar, certificado acreditativo de tal condición expedido polo organismo oficial correspondente.

l) Impreso de domiciliación bancaria, para o cobramento da Tarifa X-5 , debidamente cuberto e selado por unha entidade bancaria con operatividade en España na que o solicitante sexa titular da conta bancaria onde desexe realizar os pagos. (Anexo IV)

m) As embarcacións de bandeira estranxeira deberán presentar unha declaración expedida pola autoridade competente na que conste que non están obrigadas á matriculación definitiva en España conforme ó establecido na Lei 38/1992 de 28 de decembro reguladora dos Impostos Especiais (a cal establece que deberán ser obxecto de matriculación definitiva en España os medios de transporte novos ou usados, cando se destinen a ser empregados no territorio español por persoas ou entidades que sexan residentes en España ou que sexan titulares de establecementos situados en España), ou unha certificación do rexistro marítimo central ou territorial de buques ou mesmo da administración de Aduanas-AEAT, que acredite tales circunstancias.

De considerarse necesario, Portos de Galicia, poderá solicitar de xeito motivado a documentación que estime conveniente co fin de aclarar algún aspecto da solicitude presentada ou da autorización outorgada .

Para os efectos dunha axeitada tramitación das solicitudes, os solicitantes deberán comunicar á Dirección de Portos de Galicia calquera cambio de domicilio e, se é o caso, do número de teléfono sinalado na solicitude de autorización. En todo caso, o domicilio, para os efectos de notificación, deberá corresponder a unha poboación situada no territorio do Estado Español.